

NOME: DAVID COTA MASCUÑANA

DNI: 46902817K

ACTIVIDADE PÚBLICA PRINCIPAL: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, XEFE DO DEPARTAMENTO DE XESTIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO, NO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA, EN SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

ACTIVIDADE PÚBLICA SECUNDARIA: PROFESOR ASOCIADO, T3-P6, NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (CAMPUS DE LUGO)

Visto o expediente instruído como consecuencia da solicitude de autorización de compatibilidade entre as actividades arriba expresadas, tramitado de conformidade co artigo 9 da Lei 53/84, do 26 de decembro, de acordo cos informes favorables do Ente Público Portos de Galicia e da Universidade de Santiago de Compostela, e tendo en conta o seguinte:

Esta Dirección Xeral da Función Pública, en uso da competencia delegada polo conselleiro de Facenda en virtude da Orde do 8 de xaneiro de 2020 (DOG nº 16, do 24/01/2020), no seu artigo 3.d), resolve **AUTORIZAR** a compatibilidade solicitada, en virtude do disposto nos artigos 4.1 e 16.3 da Lei 53/84 en relación cos artigos 3.1 e 15.2 do Real Decreto 598/85, do 30 de abril, sempre que non exista incompatibilidade horaria e se respecten os límites retributivos establecidos polo artigo 7 da mesma Lei, e se condiciona ao estricto cumprimento dos horarios en ambas actividades.

A presente autorización de compatibilidade queda sen efecto no caso de cambio nas circunstancias que a permitiron e, en todo caso, na data de finalización do contrato coa Universidade de Santiago de Compostela.

Os servizos prestados como profesor asociado, non se computaran a efectos de trienios nin de dereitos pasivos, podendo suspenderse a cotización a este último efecto. As pagas extraordinarias, así como as prestacións de carácter familiar, só poderán percibirse por un dos postos.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa pode interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o conselleiro de Facenda e Administración Pública, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución ou directamente o recurso contencioso- administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación perante, a elección da demandante, o Xulgado do Contencioso- administrativo da circunscrición na que teña aquel o seu enderezo ou o de Santiago de Compostela, conforme aos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso- administrativa.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

